

**CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS  
DA UNIVERSIDADE DE ZADAR**

**PROGRAMACIÓN DE 2021**

## 1. Contexto do CEG

A Universidade de Zadar, Sveučilište u Zadru, foi fundada como tal en 2002 aínda que as súas orixes datan de 1396. Esta institución acubilla o Centro de Estudos Galegos (CEG) de Zadar. Está composta por dous campus: *Stari kampus* no casco vello e *Novi kampus* na zona nova da cidade. Tamén conta con outros seis centros de investigación e estudos. En total, a Universidade componse de vinte e sete departamentos, a meirande parte no eido das humanidades.

Segundo os datos da propia universidade, esta conta actualmente con máis de 5000 estudantes (dos cales máis do 1 % son alumnos de galego na actualidade) e o seu cadro persoal está composto por máis de 630 traballadores entre persoal académico e administrativo.

O CEG de Zadar, en *Stari kampus*, foi creado en outubro de 2007. Estaba integrado dentro do Departamento de Francés e Estudos Iberorrománicos ata 2018, a partir dese ano é parte do Departamento de Hispanística e Estudos Ibéricos. As materias de galego eran de libre elección nun comezo. Agora son optativas de obrigatorio estudo durante os tres anos de grao da titulación de estudos de español e, logo, optativas totais nos mestrados de lingüística ou de tradución que as alumnas poden realizar. O galego comparte status nun primeiro momento xunto co catalán e, xa dende o ano académico 2011/12 ata o 2018, tamén co portugués. Ademais, dende o ano 2018/19 a oferta amplíase coas materias de éuscaro de libre elección.

O Prof. Dr. Nikola Vuletić é o responsable do CEG de Zadar dende o comezo ata a actualidade.

Dende a sinatura do convenio de colaboración coa Xunta de Galicia en 2007, catro lectoras e un lector desempeñaron este cargo:

// eliminados os datos de carácter persoal //

## 2. Docencia

### 2.1 Contexto do lectorado no plan de estudos

A lingua, literatura e cultura galegas están presentes no sistema académico da Universidade de Zadar dun xeito eficaz que proporciona unha nova fornada de alumnos cada curso. Todo isto provoca que as materias que compoñen o vieiro de estudos en lingua galega se estendan nun plan de formación de tres anos máis a posibilidade de dous adicionais. Serían os tres anos do grao e a posible ampliación nos dous do mestrado.

Cada curso, o alumnado matriculado no grao de estudos de español ten que escoller unha optativa obrigatoria entre galego e catalán. Cada lingua obtén un número equitativo dos estudantes e estes, ó remate destes estudos, deberán aprobar seis materias (unha por semestre) no idioma optativo.

Ademais, se deciden facer estudos de posgrao en Zadar tanto na rama de lingua e lingüística do español coma na de tradución, poden optar por máis materias en lingua galega.

### 2.2 Materias

As materias que se imparten en Zadar son:

#### - Materias de grao

Primeiro ano	Galješki jezik I (3 ECTS, 60 horas) Galješki jezik II (3 ECTS, 60 horas)
Segundo ano	Galješki jezik III (3 ECTS, 60 horas) Galješki jezik IV (3 ECTS, 60 horas)
Terceiro ano	Galješki jezik V (3 ECTS, 60 horas) Galješki jezik VI (3 ECTS, 60 horas)

#### - Materias de mestrado

Primeiro ano	Galješki jezik i književnost I (4 ECTS, 30 horas) Galješki jezik i književnost II (4 ECTS, 30 horas)
--------------	---

### 2.3 Datos do alumnado

O alumnado en Zadar está composto principalmente por mulleres croatas. As materias con número impar son do primeiro semestre; con par, do segundo semestre. O número total é o mesmo, polo de agora, en ámbolos dous semestres.

<b>Materia</b>	<b>Número de estudantes</b>	<b>Número de homes</b>	<b>Número de mulleres</b>
Lingua galega I (ano I)	<b>23</b>	0	23
Lingua galega II (ano I)	<b>23</b>	0	23
Lingua galega III (ano II)	<b>17</b>	2	15
Lingua galega IV (ano II)	<b>17</b>	2	15
Lingua galega V (ano III)	<b>16</b>	0	16
Lingua galega V (ano III)	<b>16</b>	0	16
Lingua galega e literatura I (máster)	<b>0</b>	0	0
Lingua galega e literatura I (máster)	<b>0</b>	0	0
<b>Número total de alumnos por semestre</b>	<b>56</b>	<b>2</b>	<b>54</b>

### **3. Actividades de promoción e divulgación da lingua, literatura e cultura galega previstas para 2021**

**Dende o Magosto e o ciclo de cine a finais de 2019 non se realizaron máis actividades xa que ou ben non se puideron programar ou ben tiveron que ser canceladas e adiadas debido á crise da COVID-19. Detallaremos as actividades que foron canceladas e que esperamos facer cando a situación mellore trala pandemia e outras programadas para 2021 que se levarán a cabo a pesar da complicada situación na que nos atopamos.**

#### **Certame literario de narrativa breve 2020 (maio 2020, adiado)**

En colaboración co lectorado de catalán e o departamento de Hispanística e Estudos Ibéricos, organizouse un certame de narrativa breve o que poderían concorrer os estudantes da universidade e que contaba cunha categoría para o mellor relato en lingua galega. O certame foi adiado sen data.

#### **Seminario de tradución en Pašman (maio 2020, cancelado e adiado sen data)**

O seminario de tradución poética na illa de Pašman para o ano 2020 ía contar coa presenza da escritora Berta Dávila. No taller traduciríamola a súa poesía, como vén sendo habitual, a catalán, croata, euskera e alemán. Ademais de verter textos en euskera e catalán ó galego e a publicación da poesía traducida de Berta Dávila nunha edición bilingüe galego-croata. O seminario tivo que ser cancelado pola pandemia do coronavirus.

#### **Seminario de tradución en Pašman (outubro 2020, cancelado e adiado sen data)**

En 2020 tiñámola a posibilidade de facer un segundo seminario de tradución poética coa novidade de traducir entre galego e hebreo, ademais das linguas habituais. Non obstante, e polo motivos xa ditos, houbo que cancelar e pospor esta actividade. Esperamos poder facela en 2021.

#### **Traballos e investigacións (previstos para 2021, data sen fixar)**

Este curso prevese a publicación de dous traballos: un TFM sobre a adquisición da fonética galega por parte dos estudantes croatas e unha tese de doutoramento (primeira en galego) que trata sobre unha análise contrastiva de colocacións entre galego, castelán e croata.

### **Publicación do libro *Jezik je bunilo* (previsto para mediados de 2021)**

Produto dos obradoiros de tradución poética de 2018 e 2019 na illa de Pašman, publicárase o poemario bilingüe galego-croata *Jezik je bunilo (A lingua é un delirio)* con poemas orixinais e traducidos do poeta Isaac Xubín. Sairá ó prelo baixo o servizo de publicacións da Universidade.

### **Ciclo de cine ibérico (2021)**

Cando o permitan as medidas adoptadas pola xefatura de protección civil croata e a universidade pola crise da COVID-19, organizaremos-lo ciclo de cine ibérico que se fai cada ano na universidade. O filme previsto para este ano talvez sexa *Dhogs* ou *O que arde*. Existe a posibilidade de face-lo ciclo de cine online.

### **Publicación do *Diccionario de colocacións galego-castelán-croata vol. 1* (previsto para 2021, data sen fixar)**

Derivado da tese doutoral arriba mencionada, este ano vaise publicar un diccionario de trilingüe galego-castelán-croata de colocacións. Prevese que sairá baixo o servizo de publicacións da universidade.

### **Letras galegas 2021 (2021)**

Dende que se anunciou que Xela Arias será a homenaxeada este ano estamos promocionando tanto o Día das Letras Galegas como a autora homenaxeada mediante carteis elaborados na universidade, contido didáctico, fomento da lectura e análise dos seus traballos etc. Ademais, en colaboración coas alumnas faranse unhas exposicións sobre diversos contidos relacionados coa obra da autora. Prevese unha conferencia para o día 17 de maio e, nese mes, un seminario de tradución galego-croata de textos da homenaxeada coa axuda do alumnado de terceiro e segundo curso. Ademais, en

colaboración coas alumnas faranse unhas exposicións sobre diversos contidos relacionados coa obra da autora. Prevese unha conferencia para o día 17 de maio e, nese mes, un seminario de tradución galego-croata de textos da homenaxeada coa axuda do alumnado de terceiro e segundo curso. Faremos tamén un relatorio sobre o labor de tradutora que está autora fixo vertendo textos cara o galego. Se a situación epidemiolóxica non permite facer estas actividades de xeito normal, faranse online.